



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 11 DE XANEIRO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas e cinco minutos do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino José Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol no Pleno da Mancomunidad.
- Concello de Mugardos: Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, alcalde de Narón.
- Concello de Neda: Ángel Alvariño Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Benito Manuel Vega Fernández, representante do Concello de Valdoviño.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Faise entrega da acta da sesión de 14 de decembro de 2015. Por motivos de tempo, por unanimidade das persoas asistentes acórdase aprazar a aprobación da acta á próxima sesión.

2. Elección de Vicepresidente da Mancomunidad

De acordo co artigo 8º.4 dos estatutos da Mancomunidad, por unanimidade das persoas asistentes e por tanto por maioría absoluta dos membros do Pleno, acórdase elixir a José Manuel Blanco Suárez como Vicepresidente da Mancomunidad.

3. Ratificación das solicitudes realizadas á convocatoria de subvencións da Deputación da Coruña para o ano 2016

Examinadas as memorias das distintas solicitudes, acórdase ratificar o decreto do Presidente da Mancomunidad de 16 de decembro de 2015 polo que se acorda solicitar as seguintes subvencións ás convocatorias da Deputación da Coruña para o ano 2016:





SUBVENCIONS DEPUTACION DA CORUÑA 2016			
Programa	Obxecto da solicitude	Orzamento	Importe solicitado
FO102/2016 Deportes Xeral	Equipamento para deporte inclusivo	6.480,00 €	6.480,00 €
FO101/2016 Deportes Xeral	Programa de deporte inclusivo 2016	50.000,00 €	50.000,00 €
FOAXCA/2016 Servizos sociais Mantemento	Servizo de transporte adaptado para actividades de deporte inclusivo	45.000,00 €	45.000,00 €
FOAYAA/2016 Promoción económica Xeral	Plan de promoción do emprendemento no sector primario e agroecolóxico	30.000,00 €	30.000,00 €
DP0007/2016 Promoción económica Promoción turística	Promoción do produto turístico Surf	30.000,00 €	30.000,00 €
DP0006/2016 Promoción económica Promoción turística	Creación de web de promoción do produto turístico Surf	25.000,00 €	25.000,00 €
TOTAL			186.480,00 €

4. Convocatoria de subvencións para programas integrados de emprego durante os anos 2016 e 2017.

En relación coa Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017, o xerente explica que en anos anteriores esta subvención foi solicitada simultaneamente polo concello de Ferrol, pola agrupación de concellos que integran Ares, Cabanas, Mugardos, Neda e Pontedeume, e pola Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, neste último caso cun proxecto que só afecta aos concellos de Cedeira, Narón e Valdoviño.

O xerente presenta o seguinte cadro xustificativo do orzamento do proxecto a solicitar ao abeiro da convocatoria indicada, no que figura o cofinanciamento que corresponde asumir aos concellos de Cedeira, Narón e Valdoviño.





CÁLCULOS PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO 2016-2017									
CONCELLO	POBOACIÓN	PARAD@S	Porcentaxe de Parados	A) Porcentaxe de poboación sobre o total	B) Porcentaxe de parados sobre o total	Factor de distribución (A+B)/2	Distribución do orzamento	Cofinanciamento (económico ou mediante dedicación de persoal)	Número de usuarios
CEDEIRA	7.062	469	6,64%	13,23%	10,08%	11,66%	9.368,73 €	1.124,25 €	7
NARÓN	39.565	3.642	9,21%	74,12%	78,31%	76,21%	61.253,33 €	7.350,40 €	47
VALDOVIÑO	6.753	540	8,00%	12,65%	11,61%	12,13%	9.749,56 €	1.169,95 €	8
Total	53.380	4.651	-	100,00%	100,00%	100,00%	80.371,62 €	9.644,59 €	62

IGE 11/01/2016 Padrón 2015

Incrementos partidas	
Formación	Axudas custo
5.000,00 €	1.750,00 €

Orzamento PIE 2015-2016	Orzamento PIE 2016-2017
73.621,62 €	80.371,62 €

Cofinanciamento do 12 % segundo o PIE 2015-2016

Incrementos aportacións concellos			
	PIE 2016-2017	PIE 2015-2016	Incremento
Cedeira	1.124,25 €	1.075,15 €	49,10 €
Narón	7.350,40 €	6.671,18 €	679,22 €
Valdoviño	1.169,95 €	1.088,22 €	81,73 €

Á vista do cadro anterior e da orde de convocatoria, por unanimidade dos señores/as asistentes acórdase:

1. Realizar unha solicitude ao abeiro da devandita orde, cuxo proxecto terá como ámbito de actuación os concellos de Cedeira, Narón e Valdoviño.
2. Os concellos integrantes da Mancomunidad comprométense a garantir que os programas integrados para o emprego que se leven a cabo na nosa comarca colaborarán entre si intercambiando información, evitando solapamentos e procurando a sinerxía entre eles a fin de insertar laboralmente o máximo número de participantes nestes programas no conxunto do territorio.

5. Convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016.

Infórmase sobre a *Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.*

O xerente explica que a subvención cubre por unha banda gastos de funcionamento e por outra banda investimentos, e que no primeiro caso resulta conveniente destinar a subvención ao servizo de xestión de residuos voluminosos, mentres que no segundo caso non existe unha opción clara.

O alcalde de Ares propón que a subvención se destine a un investimento no refuxio de animais, para o cal debe consultarse a adecuación aos obxectos subvencionables, por exemplo incidindo nas funcións de educación ambiental do centro.

Tralas oportunas deliberacións, por unanimidade das persoas asistentes acórdase presentar unha solicitude na que se inclúa: a) unha actuación para gastos de funcionamento do servizo de xestión de residuos voluminosos, e b) unha actuación de investimento no refuxio de animais, para o cal debe consultarse a adecuación aos obxectos subvencionables.

6. Impulso e seguimento de servizos e proxectos.

O xerente da Mancomunidad informa sobre as conversas mantidas sobre a adquisición de



desfibriladores para espazos públicos, respecto o que se acorda continuar estudando as necesidades.

O alcalde de Ares expón que a Mancomunidad debería ser máis ambiciosa e non limitarse ás convocatorias de subvencións ás que xa concorren os concellos, senón aproveitar a súa dimensión para acudir a programas europeos, e que tal era o cometido previsto para a xerencia, para o cal debe haber o correspondente apoio político.

Engade Julio Iglesias que o obxecto desta búsqueda de financiamento debería ser a xestión de residuos e o tratamento da auga, respecto dos cales se precisa un plan estratéxico, que pode ser contratado a unha consultora especializada na redacción de plans estratéxicos.

Así mesmo, o alcalde de Ares propón retomar o proxecto da TDT.

7. Audiencia a entidades con fins sociais.

Neste punto o Presidente da Mancomunidad se desculpa por ter que retirarse, e pasa a presidir a sesión o vicepresidente da Mancomunidad José Manuel Blanco Suárez.

7.1. Asociación de persoas xordas de Ferrol

Por parte da Asociación de persoas xordas asisten as seguintes persoas:

- Presidenta: Teresa Gallo
- Técnica: Ofir Barcia
- Intérprete de lingua de signos: Rosa Durán

A Presidenta da entidade e a continuación a técnica expoñen que as persoas xordas necesitan a asistencia dun intérprete para realizar múltiples xestións, e que soamente no concello de Ferrol e en menor medida no concello de Narón existe un servizo de intérprete a través da Asociación de Persoas Xordas, mentres que nos restantes concellos as persoas xordas carecen desta asistencia imprescindible.

O alcalde de Ares comenta que as persoas xordas son unha comunidade lingüística e como tal teñen os seus dereitos.

En conclusión, solicítase da Asociación de Persoas Xordas un proxecto no que detallen as actuacións a realizar coa colaboración da Mancomunidad.

7.2. Asociación Parkinson Ferrol.

Por parte da Asociación Parkinson Ferrol asisten as seguintes persoas:

- Presidente: Gerardo González Casal.
- Tesoureiro: Serafín Álvarez Rego.

Os representantes explican que a entidade atende a 71 enfermos de distintos concellos do territorio, e que a pesar das subvencións neste momento teñen dificultades para pagar nóminas e corren o risco de ter que por fin á súa actividade, o que suporía un grave prexuízo para estes enfermos.

Tendo en conta que os concellos de Ferrol e Narón xa están colaborando individualmente con esta entidade, acórdase iniciar a elaboración dun convenio no que se prevé unha colaboración de cada un dos restantes concellos polo importe de 1.000,00 €, para o cal se solicita da entidade a presentación dunha proposta.



7.3. Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ferrolterra (AFAL)

Por parte de AFAL asisten á reunión as seguintes persoas:

- Presidente: José Manuel Maceira Varela,
- Directora: Milagros Prieto

Os representantes da entidade explican a posibilidade de realizar obradoiros de estimulación cognitiva nos concellos a partir dun estudo das necesidades, para o cal se solicita da entidade a presentación dunha proposta.

8. Rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García